

RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DA CORUÑA POLA QUE SE ACORDA A APERTURA DUNHA CONVOCATORIA ADICIONAL EXTRAORDINARIA PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE MARISQUEO A PÉ PARA O ANO 2027 NO ÁMBITO DA "ASOCIACIÓN DE MARISCADORAS FONTE SANTA HELENA" DE BALDAIO

#### ANTECEDENTES:

1. A resolución de 11.03.2026 do Departamento Territorial da Conselleira do Mar da Coruña estableceu o calendario para a renovación do Permiso de Explotación de Marisqueo a pé na modalidade xeral para o ano 2027, establecendo as datas do 16 de marzo ata o 10 de abril de 2026 para a presentación das solicitudes e a documentación xustificativa.

Na mesma data ditouse resolución pola que se estableceu o calendario para a renovación do Permiso de Explotación de recursos específicos a pé nas modalidades de percebe, ourizo, anemones, poliquetos e algas para o ano 2027, establecendo as datas do 13 ao 30 de abril de 2026 para a presentación das solicitudes e a documentación xustificativa.

2. O 05.05.2026 a Asociación de mariscadoras Fonte de Santa Elena de Baldaio presenta unha solicitude na que expón que por motivo dun erro de interpretación das datas para a presentación da documentación necesaria para a renovación dos permisos de marisqueo a pé, dúas persoas mariscadoras da Asociación entregaron fora de prazo a documentación e, polo tanto, solicitan unha prórroga que permita emendar este erro.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Este Departamento Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

2. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, establece no artigo 3.2 que a súa validez terá unha duración dun (1) ano e será renovado de acordo co procedemento establecido nos artigos 11 e 12.

O artigo 12.1 da antedita orde, determina que a renovación do permiso de explotación para o marisqueo a pé realizarase anualmente e levarase a cabo ordenadamente por áreas xeográficas, segundo o calendario que para cada provincia e confraría ou entidade asociativa do sector se estableza mediante resolución da xefatura territorial (hoxe dirección territorial) da Consellería do Mar. Na resolución establecerase o prazo para presentar a solicitude.

3. A resolución de 11.03.2026 do Departamento Territorial da Conselleira do Mar da Coruña estableceu o calendario para a renovación do Permiso de Explotación de Marisqueo a pé na modalidade xeral para o ano 2027, outorgando o prazo do 16 de marzo ata o 10 de abril de 2026 para a presentación das solicitudes.

Debido a que a Asociación de mariscadoras Fonte de Santa Elena de Baldaio non recolleu as solicitudes de 2 persoas por un erro interpretativo e por tanto non se presentaron neste

Departamento Territorial da Coruña  
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)  
15006 A Coruña  
Tel.: 981 182 000  
[departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal](mailto:departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal)



departamento territorial por causas alleas ás persoas mariscadoras, cómpre acordar unha convocatoria adicional extraordinaria do calendario para o envío das solicitudes e documentación correspondente.

De acordo co anteriormente indicado, este Departamento Territorial,

**RESOLVE:**

1. Acordar unha convocatoria adicional extraordinaria para a presentación das solicitudes e documentación por parte dos integrantes da "Asociación de mariscadoras Fonte Santa Helena" de Baldaio, outorgando un prazo de sete (7) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución.
2. O resto das condicións recollidas na resolución do 11.03.2026 desta dirección territorial permanecen sen cambios, debéndose respectar na súa totalidade.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén deberá estar exposta no taboleiro de anuncios da entidade asociativa, durante o prazo de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Esta resolución notifícaselle á Asociación de mariscadoras Fonte de Santa Elena de Baldaio consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial  
María José Cancelo Baquero  
(asinado dixitalmente)

